

CURSO 2026/27



EXTRAESCOLARES

para centros escolares



PROPOSTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Desde Donde viven los cuentos presentamos unha proposta de actividades extraescolares dirixida aos centros educativos do Concello, pensada para favorecer a **conciliación familiar** e ampliar as **oportunidades de aprendizaxe** do alumnado fóra do horario lectivo.

As actividades deséñanse desde unha **metodoloxía vivencial, activa e respectuosa cos ritmos da infancia**. A través do xogo, os contos, a natureza, a arte, a cociña e a experimentación, buscamos ofrecer espazos seguros, creativos e significativos nos que os nenos e nenas poidan desenvolver a súa autonomía, a súa curiosidade, a súa expresión persoal e as súas habilidades sociais.

Todas as propostas poden adaptarse ás características de cada centro, ao número de participantes e ás necesidades organizativas do Concello.



INGLÉS DE CONTO



Actividade de aproximación ao inglés a través de contos, xogos e experiencias creativas.


Cada sesión parte dunha historia da literatura infantil que serve como fío condutor para traballar vocabulario, comprensión oral, expresión e participación en grupo.



A partir do conto desenvólvense propostas manipulativas e lúdicas como manualidades, xogos, dramatización, luz negra ou pequenas dinámicas de movemento.

O obxectivo é favorecer un achegamento natural e positivo ao idioma, respectando a idade do alumnado e priorizando a comprensión, a escoita activa e o desfrute do proceso.

Idade: + 3 anos · **Prezo:** 35 €/mes · **Duración:** 1 hora



ARTE




Actividade orientada ao desenvolvemento da creatividade, da expresión persoal e da experimentación artística.



O alumnado explorará diferentes **técnicas e materiais** como pintura, collage, modelado, escultura, estampación, arte con elementos naturais e propostas de creación libre. Ao longo das sesións tamén coñecerán **artistas** concretos como Maruja Mallo, Miró ou outros referentes da arte, adaptando as súas obras e procesos á idade do grupo.

A actividade **favorece** a motricidade fina, a imaxinación, a comunicación emocional, a autonomía, a toma de decisións e a confianza nas propias capacidades. Ademais, permite achegarse á cultura visual, aprender a observar, interpretar imaxes e expresarse a través de diferentes linguaxes artísticas.

Idade: + 3 anos · **Prezo:** 35 €/mes · **Duración:** 1 hora



EXPLORADORES DA NATUREZA



Xogo, investigación e habilidades de exploración

Actividade para descubrir a natureza a través de pequenas misións de exploración, observación de rastros, xogos, retos cooperativos e experiencias sensoriais.



O alumnado desenvolverá habilidades básicas de explorador/a, como orientación, lectura de sinais naturais, identificación de elementos da contorna, construción de pequenos refuxios, nós sinxelos e resolución de retos en equipo.

A actividade poderá realizarse en interior ou exterior, en función dos recursos dispoñibles, do espazo do centro e da climatoloxía de cada sesión.

Favorece a autonomía, a cooperación, a curiosidade científica, a toma de decisións, a capacidade de observación e o respecto pola contorna.

Idade: + 3 anos · **Prezo:** 35 €/mes · **Duración:** 1 hora



COCIÑA



Cociña educativa, autonomía e aprendizaxes prácticas

Actividade de cociña adaptada á infancia, orientada á autonomía, á alimentación saudable e á aprendizaxe práctica.



Durante as sesións, o alumnado elaborará receitas de tempada, traballando accións como mesturar, amasar, cortar con utensilios adaptados, decorar ou presentar as súas elaboracións.

A cociña permite incorporar conceptos matemáticos como cantidades, unidades de medida, peso, volume, secuencias e tempos, ademais de favorecer a cooperación, a hixiene, a motricidade fina e a responsabilidade compartida.

Idade: + 3 anos · **Prezo:** 35 €/mes · **Duración:** 1 hora



DESENVOLVIMENTO DO TALENTO



Ciencia, experimentación e retos para aprender facendo.


Actividade práctica e enriquecida orientada a estimular a **curiosidade**, a capacidade de **observación**, o **pensamento crítico** e as habilidades científicas do alumnado.



As sesións combinarán propostas de experimentación científica, arqueoloxía, resolución de retos, creación de proxectos, investigación, construción, lóxica, pensamento creativo e traballo cooperativo. O alumnado poderá formular preguntas, probar hipóteses, analizar resultados, crear solucións e compartir os seus descubrimentos co grupo.

O obxectivo é favorecer a autonomía, a iniciativa, a creatividade, a perseveranza, a capacidade de razoamento e o gusto por aprender a través de experiencias activas, variadas e significativas.

Idade: + 3 anos · **Prezo:** 35 €/mes · **Duración:** 1 hora



CONDICIÓN



- A proposta poderá adaptarse en función da demanda de cada centro e das necesidades organizativas do Concello.
- Para a apertura de cada grupo será necesario un mínimo de 10 participantes.
- A duración ordinaria de cada actividade será de 1 hora semanal por grupo, dentro do calendario acordado co Concello e cos centros participantes.
- As actividades poderán organizarse por grupos de idade, ciclos educativos ou necesidades específicas de cada centro.
- O equipo de Donde viven los cuentos encargarse da planificación das sesións, da dinamización educativa, da preparación dos materiais e da coordinación cos centros participantes.
- Os materiais necesarios para o desenvolvemento ordinario das actividades estarán incluídos na proposta, agás necesidades especiais ou materiais extraordinarios que poidan acordarse previamente.
- A proposta poderá adaptarse ao número de centros participantes, ao número de grupos, á duración do programa e ao calendario definitivo de sesións.

